

*Aprobado no Consello Escolar do 3 de febreiro de 2017. (Claustro do 2 de febreiro de 2017).*

---

# PLAN DE INTEGRACIÓN das TIC I.E.S. de Ponteceso

---

Documento básico que recolle a planificación de como se incorporan e desenvolven as tecnoloxías da información e a comunicación como recurso aos procesos de ensino-aprendizaxe, implicando un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

---

# Índice

---

ESTUDIO DO CENTRO .....	3
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO .....	3
CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO.....	3
CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO .....	3
OBXECTIVOS.....	4
MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS .....	5
PAUTAS PARA O SEGUEMENTO TRIMESTRAL E ANUAL.....	6

---

# ESTUDIO DO CENTRO

---

## CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES de Ponteceso leva tempo traballando na implantación e o emprego das TIC con iniciativas como a colocación de ordenadores con acceso a Internet e proxectores en tódalas clases, o uso da WEB do centro como medio de comunicación e información da comunidade educativa, o fomento de diferentes Blogs, wikis e aplicacións colaborativas e co desenvolvemento e utilización da aula virtual Moodle. Nos últimos anos foise introducindo no centro un protocolo de utilización de soportes móbiles, tales como os smartphones ou tabletas, para o seu uso pedagóxico, que está explicitado nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro. Tamén se puxeron en marcha currículos de materias relacionadas coas TICs tanto na ESO como no bacharelato ao que se matrícula unha gran parte do alumnado. Existe o propósito de por en marcha materias de libre configuración relacionadas coa programación informática nos primeiros cursos da ESO. Estase a introducir novas posibilidades tecnolóxicas para o deseño de ferramentas e prácticas académicas que teñen en conta a robótica, a impresión en 3D e a elaboración de sistemas basados en Arduino, primeiramente para as materias de tecnoloxía e logo aplicables pedagóxicamente a outras materias.

Co Plan TIC preténdese seguir neste camiño de implantación e uso das novas Tecnoloxías implicando ao maior número posible de membros da comunidade educativa.

## CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

O profesorado do centro amósase predisposto a empregar as TIC como ferramentas de traballo diario tanto no centro coma na casa. A utilización de pizarras dixitais, aplicacións informáticas específicas para o traballo diario de clase onde os alumnos teñen que facer uso das TIC, a aula virtual como organizador de contidos e a cada vez máis ampla familiaridade do uso de distintos tipos de soportes informáticos é habitual no traballo do profesorado.

Segue a desenvolverse o programa ABALAR que pon a disposición de profesorado e alumnado soportes e ferramentas TIC básicas, útiles e de aplicación na aula. Deste xeito preténdese que tanto o profesorado coma o alumnado adquira unhas maiores destrezas dixitais.

Compre comezar e desenvolver unha formación no profesorado para o uso de novas tecnoloxías como as impresoras 3D, os sistemas Arduino, a programación informática e a robótica e sobre a súa utilización como materiais pedagóxicos nas aulas.

## CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado do centro é o característico dunha zona rural. A maior parte do alumnado dispón de ordenador na casa e moitos deles teñen acceso a Internet. O que máis aproveitan das novas tecnoloxías é o emprego das redes sociais como medio de socialización e esparcemento. En xeral detéctanse carencias no aproveitamento real do software para mellorar o seu rendemento no ámbito académico e dos recursos dispoñibles na rede, aínda que neste últimos anos coas aplicacións postas en marcha no centro o uso e cada vez máis frecuente. O fomento das TIC no ámbito académico, a implantación do Plan ABALAR, a familiarización coas aplicacións na rede, a posibilidade de usar smartphones e tabletas moitos deles con acceso a internet e a posta en marcha de novas materias no currículo relacionadas coa implementación das TIC na súa vida académica e como cidadáns, suporá un maior coñecemento para eles das múltiples utilidades das que poden facer uso para que aproveiten mellor os seus recursos.

---

# OBXECTIVOS

---

- Mellorar a instalación de ordenadores e proxectores nas aulas para facilitar o emprego das TIC.
- Seguir empregando a Web do instituto como medio de información e comunicación entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Incentivar ao profesorado ao emprego da aula virtual Moodle para mellorar e complementar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Promover a formación do profesorado na aula virtual.
- Promover a formación do alumnado e pais/nais ou titores/as legais no uso das aulas virtuais
- Promover o coñecemento entre os pais/nais ou titores/as legais das posibilidades da aula virtual do centro para mellorar o seguimento da aprendizaxe do alumnado.
- Promocionar o Blog da biblioteca como recurso para unha formación, ocio e participación máis enriquecedora.
- Poñer a disposición do profesorado o maior número de horas posibles as aulas de informática e de audiovisuais.
- Mellorar a rede wifi do instituto para facilitar o acceso a internet aos membros da comunidade educativa
- Seguir desenvolvendo o plan ABALAR.
- Actualizar os equipos informáticos para un mellor aproveitamento de tódolos recursos TIC dispoñibles.
- Fomentar a informatización da información que se xera no instituto empregando a comunicación a través do correo electrónico ou de programas de xestión para axilizala e reducir o emprego de papel.
- Empregar programas informáticos específicos para facilitar a integración de novos alumnos estranxeiros ou de aqueles que teñan unha maior dificultade para seguir o ritmo normal do proceso educativo.
- Facer un uso responsable e cívico das TIC tanto no aspecto referido a manipulación de equipos coma a o uso da web ou redes sociais e os contidos que a ela se poidan subir.
- Aproveitar o uso da rede para establecer comunicación e colaborar con outros centros e institucións de xeito que poidamos aproveitar os coñecementos doutras persoas que estean en calquera lugar do mundo facendo por exemplo videoconferencias ou traballo colaborativo.
- Desenvolver novas materias específicas da aprendizaxe das TIC.
- Integrar soportes diferentes con acceso á rede como material para o traballo académico da comunidade educativa.
- Desenvolvemento das posibilidades do uso dos sistemas Arduino para a práctica pedagóxica.
- Desenvolvemento e introdución de robots nas materias de tecnoloxía.
- Introdución e aprendizaxe do uso de impresoras 3D e posibilidades na actividade pedagóxica.

## MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

- Valorar por parte do profesorado que os alumnos empreguen as páxinas dos departamentos a través da páxina do instituto ou a plataforma Moodle como medio para realizar algún tipo de tarefa.
- Facer reunións periódicas entre membros do profesorado con dificultades no emprego dos medios TIC dispoñibles para aclarar dúbidas ou facer ver as vantaxes que ten o seu uso.
- Fomentar a formación no uso das TIC, tanto a nivel soportes e ferramentas como programas.
- Aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles, actualizando equipos informáticos e as TIC dispoñibles no centro.
- Informar aos alumnos e profesores de cómo facer un uso responsable dos medios TIC en tódolos seus aspectos.
- Facilitarlle o acceso aos membros da comunidade educativa aos medios da biblioteca a través do seu Blog.
- Poñer a disposición do alumnado ordenadores con conexión a Internet para que poidan buscar información de utilidade, tanto para elaborar traballos ou apuntes como para mellorar o coñecemento e posibilidades das súas expectativas laborais.
- Configurar os ordenadores para calquer alumnado con necesidades específicas que aconsellen esta medida.
- Desenvolvemento de sistema en base a tecnoloxía Arduino e as aplicacións pedagóxicas
- Utilización de robots e desenvolver as súas aplicacións pedagóxicas.
- Uso de impresoras 3D en aplicacións pedagóxicas.
- Asentar, desenvolver e por en marcha diferentes materias relacionadas coas TIC para o alumnado.
- Promover a formación do profesorado no uso de sistemas Arduino, impresión en 3D, robots e programación informática e na súa aplicación na aula.

---

# PAUTAS PARA O SEGUIMIENTO TRIMESTRAL E ANUAL

---

Os obxectivos previstos no plan serán revisados periodicamente mediante xuntanzas entre o profesorado e o coordinador TIC para comprobar se se están a acadar as metas marcadas ou cómpre engadir ou modificar algún dos obxectivos propostos. Estas xuntanzas serán flexibles no sentido de poder facerse en pequenos grupos a diferentes horas ou mesmo de xeito individual. O que se pretende é ter coñecemento das dificultades que xorden para cumprir o estipulado.

Recolleranse todo tipo de suxerencias por parte de calquera membro da comunidade educativa que poida contribuír e mellorar o plan TIC.

Se é necesario farase unha pequena enquisa ao finalizar o curso no que se tentará detectar cales foron as dificultades para aplicar o Plan TIC e deste xeito melloralo para o ano seguinte.